


ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR RELATIVA A VALORACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DE AUXILAR ADMINISTRATIVO, PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (UNHA INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2015 E DÚAS INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016) QUE SE REXE, TANTO POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POLO ACORDO Nº 207/717 COMO POLAS “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE”, APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO O 18 DE XUÑO DE 2008 E MODIFICADAS POLO CITADO ÓRGANO NAS SESIÓNS DO 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, E PUBLICADAS INTEGRAMENTE NO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO NÚMERO 099, DO 2 DE MAIO DE 2017, consistente no desenvolvemento por escrito de dous temas extraídos ao chou dos que integran a parte específica do programa, en concreto, dos temas números 10 e 6, respectivamente, que resultaron elixidos no sorteo realizado, e que foron posteriormente obxecto de lectura pública polas/os aspirantes do referido proceso selectivo o día 11 de xullo de 2019 ás 9 horas, no salón de actos da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Lugo.



Sendo ás 11,30 horas da mañá do día 19 de xullo de 2019, no local dos notificadores, sito na planta baixa das Oficinas Municipales do Concello de Lugo, na Ronda Muralla 197, Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade de tres prazas de auxiliar administrativo, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (unha incluída na oferta de emprego público 2015 e dúas incluídas na oferta de emprego público 2016), coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Don Francisco Rivera Iglesias, Funcionario de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo.

Vogales: Don Angel Victor Gómez Cereijo, Analista Programador do Excmo. Concello de Lugo.

Dona Amparo Rubinos Hermida, Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio do Excmo. Concello de Lugo.

Dona Carmen Rozas Bello, Funcionaria de Carreira A2 do Excmo. Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

SECRETARIO XERAL DO PLENO

JDR

Refª: Acta Tribunal proceso selectivo auxiliar administrativo.

Asunto: Acta valoración segundo exercicio

Primeiro.- Constituído o Tribunal no lugar e data anteriormente expresados procedeu a avaliación do segundo exercicio realizado polas/os aspirantes do referido proceso selectivo,

Na corrección dos exercicios realizados utilizáronse os seguintes criterios de avaliación:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os temas obtidos previo sorteo foron os seguintes e por esta orde:

Tema 10: Eficacia dos actos administrativos, notificación, publicación, nulidade e anulabilidade.

Os criterios de valoración deste tema foron os seguintes:

Con carácter xeral:

- Cita de textos legais e artigos concretos correspondentes aos mesmos.
- Cita de jurisprudencia.
- Calidade na redacción e coherencia da exposición.

Con carácter particular: Completa estrutura do tema:

- Inderogabilidade singular.
- Executividade.
- Efectos.
- Notificación. Condicións para a súa práctica. Notificación en papel e por medios electrónicos. Notificación infrutuosa. Publicación. Indicación de notificacións e publicacións.
- Nulidade de pleno dereito. Anulabilidade. Límites e extensión da nulidade ou anulabilidade. Conversión, conservación e convalidación dos actos.

Tema 6: Potestade reglamentaria das entidades locais, ordenanzas, reglamentos e bandos.

Os criterios de valoración deste tema foron os seguintes:

Con carácter xeral:

- Cita de textos legais e artigos concretos correspondentes aos mesmos.
- Cita de jurisprudencia.
- Calidade na redacción e coherencia na exposición.

The right side of the page contains several handwritten signatures in blue ink. A circular stamp of the 'Concello de Lugo' is visible, partially overlapping one of the signatures. The stamp features a central emblem and the text 'Concello de Lugo' around the perimeter.